

gas e interrogar-se até o abismo sobre a propia inharmonia e infelicidade das interaccións humanas e, moi particularmente, as de home-muller.

4. É a primeira tese en que fica abertamente proclamado e verificado o feminismo claro da nosa autora.

5. É tamén a primeira tese que ofrece unha moi traballada e inteiramente orixinal significación da obra testamental de Rosalía. *En las orillas del Sar*, obra complexa e mesmo hermética que fica así no camiño de ser moito mellor comprendida.

6. Aínda, é tamén o primeiro estudo sobre a escritora galega que ubica correctamente o problema da dualidade lingüística e que fai un seguimento completo, ao longo de todo un capítulo, do proceso de enterramento e manipulación interesada que sofreu.

Temos, xa que logo, varios libros dentro de un e propostas moi suxerentes para a investigación futura de aspectos parciais nos que o propio autor convida a aprofundar. Permitanos o lector, finalmente, un par de reflexións máis, que consideramos chamativas. É a primeira tese sobre Rosalía realizada por un galego e defendida na universidade galega, un "dia distinguido", como o calificou o presidente do tribunal, profesor Carballo Calero, dignaron-se asistir á lectura íntegra da mesma dous profesores, dous, de toda a Facultade de Filoloxía. Abrajante ou simplemente deprimente? Nunha recente recensión xornalística desta obra (por certo, o libro galego de máis venda no mes de Decembro pasado), o xornalista refírese a Francisco Rodríguez como "militante do nacionalismo e dos silencios". Sendo a primeira afirmación certísima, preguntámonos nun home que leva toda a vida traballando política e intelectualmente polo país, escribendo e falando a cotío, percorrendo centos de lugares de todo o territorio galego coas súas conferencias, coa súa palabra e a súa lección, cabe falar de silencio? Quen impón silencio a que e por que? Outra cousa é o silencio, o ocultamento e, mesmo, a persecución para o que neste país signifique claridade, compromiso co país, dignidade ou, sen máis, discrepancia co "establishment" oficialista. Que continúan os de turno algo máis incómodos, porque os tempos han mudar e as súas manobras, mediocridades e vaguedades "cumprido fin terán". Gracias, Francisco Rodríguez, por devolver-nos esta Rosalía que criou a Galiza do pasado e que necesita a Galiza do presente. □

M. PILAR GARCIA NEGRO

Análise sociolóxica da obra de Rosalía de Castro. AS PG. A Coruña 1988

O feito relixioso na Galiza das Irmandades da Fala

A Editorial Galaxia acaba de dar-nos unha nova publicación na súa colección Agra aberta. Trátase da obra de Victorino Pérez, **A Xeración "Nós", galeguismo e relixión**.

Victorino devolve-lle aos que o axudaron na identificación coa Galiza unhas páxinas de admiración. Como el son moitos os que están a atopar sentido a súa vida através dos escritos dos grandes mestres do galeguismo dos anos 20.

Victorino Pérez Prieto é coñecido na Galiza pola súa entrega a **Irimia**, asociación e revista.

O traballo hermenéutico que nos ofrece agora é comprometido; é un primeiro paso, se cadra unha investigación necesaria. O tema trae en seguida á memoria os brillantes ensaios de Möller que nos aliviaron da pesadez teolóxica do neolomismo nos anos de seminário. Möller afondara como poucos na ideoloxía e na sensibilidade dos escritores cristiáns Otero, Risco, tamén Castelao, precisan dun intérprete semellante. Pode que estea na mente de Victorino proseguir ese labor.

Na obra **A Xeración "Nós", galeguismo e relixión** hai os capítulos que poderían evocar un tratamento concreto sobre tan importantes autores. Na introducción plantéxanse varios problemas epocais: revitalización do pensamento teolóxico, precariedade da teoloxía galega, necesidade de repostar desde o feito relixioso ás arelas dun pobo pendente de novos cataventos. Mais logo eses problemas non se desenvolven; non afluen suficientemente nas citas dos autores. No epílogo volta-se, a modo de índice, de novo a tan interesante temática. Tal vez non sexan suficientes as obras dos autores para dar-nos todo o ambiente de debate e busca que había daquela. Eran tempos de *conversas*, de idas e voltas ás ideas. A revista **Logos** evoca canto andaba nas mentes e anxeos. Pero tamén só inicialmente.



Victorino entrega-se logo á presentación do galeguismo e da relixiosidade dos catro autores: Otero, Risco, Cuevillas e Castelao. Otero leva a maior parte. En Otero encontra Victorino suxerencias, institucións, Risco que tratou máis a propósito estes temas, acaba no límite do integrista e da patoloxía relixiosa. Otero empezou por situar figuras como a de don Bernabé, imaxe lírica dunha igrexa inexistente na Galiza, pero soño evasivo cheo de fermosura. Otero podía permitir-se naqueles anos tal forma de fuxir da realidade; mentras en ambientes máis confortábeis, Bernabé afondaba na realidade crua do abade rural. En Bernabé hai preocupación, esperanza, en Otero hai xogo, fantasía.

Preocupou tamén a aquela xeración como presentar unha Galiza católica, como ofertar un nacionalismo galego confesional. En "Sempre en Galiza", Castelao recolle lembranzas de conversas cos investigadores da Igrexa Galega, PP. A. López e Pardo, entre outros. Despois Castelao botaría-lle en cara á Igrexa a súa traxición maioritaria no 36. Fora Paulino Pedret quen máis afondara nesta temática entón moi atractiva. Os resultados foron cativos.

Realmente canto intentaron os homes da xeración das Irmandades no campo da refle-

xión e da acción político-relixiosa foi moito e paga a pena recolle-lo. Victorino acaba de dar os primeiros pasos. Queda longa tarefa porque para homes, como os catro estudados por Victorino, tal temática era dramática, metía-se na canella máis escura e a transitar para unha historia de liberación.

En xeral as indicacións de Victorino van polos verdes prados e as sorridentes veigas da plenitude e da "consolidación". Como outros títulos de Agra aberta este fai unha oferta accesible e suxestiva. O camiño queda aberto, as covas a descubrir precisarán guías e árduos labores.

FRANCISCO CARBALLO

Pérez Prieto, Victorino. **A Xeración "Nós", galeguismo e relixión**. Ed. Galaxia, Vigo, 1988. 264

MÚSICA

Shuka: "Aljaima"

Da importancia da música africana como fonte suministradora de cantidade de ideas aos grupos europeos de "pop" e de "rock", xa non cabe a posibilidade de dúbida a estas alturas. Outra cousa é a proliferación do chamado "ethno beat", que ten hoxe por hoxe ao grupo "Dissidenten" a súa punta do iceberg.

Parece definitivamente estendida a tendencia de combinar ritmos étnicos con instrumentación e ambientación musical "pop", e imos camiño de que este plantexamento deixe de resultar innovador, e pase a ser propio de formacións "standard". De momento a "Shuka" cábele o honor de estar na primeira liña de saída.

Trátase dunha formación xurdida na cidade de Tánger, reconvertida en Andalucía (Granada), onde reside actualmente. A música popular de Marrocos enche as estrias do disco, algunhas veces coa única presenza de instrumentación tradicional (violino, laúde, percusións); outras coa sofisticación da caixa de ritmos, guitarra eléctrica e teclados.

Joaquín Díaz: "Romances"

A enorme obra que a prol do folclore leva desenrolado desde hai ben tempo Joaquín Díaz condiciona "a priori" o interese que calquer nova produción discográfica do folclorista valisoletano produza a estas alturas. Unha labora que inclúe, alén de cantidade de gravacións, publicacións como a "Revista de Folclore", iniciativas como o "Centro Etnográfico de Documentación" ou o impulso por el imprimido ao movemento "folk" dos anos sesenta ("Nuevo Mister de Jalaria", "Nuestro Pequeno Mundo"...).

A toda esta bagaxe erudita hai que engadirle as boas cualidades da súa voz, que nesta ocasión conta co arroupamento que, no vocal e instrumental, condiciona este LP como obra propia dun "purista" do folclore. A discreta intervención dun baixo eléctrico, xunto ao decisivo papel que os arranxos xogan na gravación, fai pór en cuestión máis unha vez a lexitimidade da ortodoxia na música popular; ou ben, se, pola contra, esta só se atopa en estado puro nos Cancioneiros, como moitos andan a afirmar por aí.

Sete Romances basicamente narrativos, con tintes dramáticos, debidamente "condimentados", musicalmente, xustifican sobradamente a audición deste disco.

XOÁN M. ESTÉVEZ